

REGULAMENTO REGULADOR DO REXISTRO
MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO DO CONCELLO DE O
VALADOURO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

As novas circunstancias sociais que nos últimos tempos están modificando o que tradicionalmente se deu en chamar familia nuclear, obrigou ás diversas administracións públicas a replantearse o modelo xurídico e administrativo para incluír a figura as parellas de feito.

A regulación municipal das parellas de feito ou unións non matrimoniais nace pois dunha realidade social que non pode descoñecerse e que ó carecer dun réxime legal aplicable merece o seu recoñecemento e protección en réxime de igualdade de trato que as unións matrimoniais, sempre que a singularidade de ambas institucións non xustifique un tratamento legal diferenciado. Non pode entenderse un Estado de Dereito que cumpla fins de xustiza social, sen o recoñecemento dos diversos modos de convivencia efectiva cos que a sociedade española actualmente se expresa, pois o ordenamento xurídico sempre debe acomodarse á realidade social vixente. A existencia de unións non matrimoniais son unha manifestación do libre dereito constitucional ó desenvolvemento da personalidade (artigo 10.1. da Constitución), e derivada esencialmente do carácter social e plurar da nosa Constitución. O libre desenvolvemento da personalidade e igualdade ante a Lei dos cidadáns constitúen algúns dos principios fundamentais do noso ordenamento xurídico e social, demandando de todos os poderes públicos a promoción das condicións para que esa liberdade e igualdade das persoas e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo, por tanto ser removidos os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude conforme ó previsto nos artigos 1.1., 9.2, 10.1 e 14 da Constitución Española.

Asimesmo, no libre e lexítimo exercicio da súa autonomía persoal todo home e toda muller teñen dereito a constituir, mediante unha unión afectiva de convivencia unha comunidade de vida que, completada ou non con fillos, de lugar á creación dunha familia, cúa protección deben asegura-los poderes públicos de conformidade co artigo 39.1 da Constitución, a fin de garanti-lo respecto e a promoción dos anteditos principios fundamentais de libre desenvolvemento da personalidade e da igualdade de tódolos cidadanos.

As unións afectivas constituídas por parellas do mesmo sexo, unha vez superadas as discriminacións históricas por razóns de orientación sexual que viñeron marxinando, e incluso criminalizando, a quenes demandaban unha vida en común con outra persoa do mesmo sexo, deben alcanzar polos mesmos fundamentos a súa protección, dacordo coa esixencia constitucional de igualdade e liberdade dirixidas a tódolos poderes públicos.

Neste marco xeral, e atendendo ás novas necesidades e interpretacións do concepto de familia preténdese dar unha resposta ás situacións concretas que conforman a realidade social para adoptar disposicións normativas que garantan o acceso, en condicións de igualdade, ás posibilidades que a sociedade ofrece.

Ainda que non existe constitucionalmente unha regulación expresa das unións non matrimoniais, xa o artigo 39 da constitución asegura a través dos poderes públicos a protección social, económica e xurídica da familia, na que se inclúe tanto a derivada do matrimonio como a non matrimonial. Asemade o concepto de familia ten un extenso alcance, por incluír non só a derivada da parella, como aquela na que existen descendentes ou parentes ó seu cargo, tanto sexa heterosexual como a homosexual, e incluso a monoparental.

A convivencia non matrimonial presupón unha comunidade de vida sen formalidades legais, e que ten unha vocación estable con vínculos de afectividade, permanencia e dependencia recíproca.

Estas unións non matrimoniais na actualidade dan lugar a verdadeiros núcleos familiares non suxeitos actualmente a ningunha regulación xurídica máis alá da interpretación que os xuíces e tribunais formulen naqueles casos en que o desamparo do dereito produce a xudicialización dos conflitos. O Concello, como entidade básica da organización territorial do Estado e cauce inmediato de intervención cidadá, está obrigado (artigo 25 da Lei 7/85) a satisfacer en igualdade de trato as necesidades e aspiracións da comunidade local, e por elo debe ofrecer a mesma participación, tratamento e consideración calquera que sexa a forma das unións de convivencia, sempre que en cada caso concreto non esté xustificado un trato diferenciado.

Este Regulamento Municipal pretende cumprir ditas funcións, e en especial a de recoñecemento e respecto municipal ás unións das parellas de feito e a súa constitución familiar, e asemade facelas partícipes en igualdade de trato coas unións matrimoniais, en canto á recepción dos servizos, actividades, subvencións e execución dos programas que se xestionan municipalmente.

Preténdese pois con este Regulamento ofrecer, no ámbito desta Administración Municipal, un instrumento xurídico que favoreza a igualdade e garanta a protección social, económica e xurídica das familias constituídas como unións non matrimoniais, cuxa protección alcanza ás unións estables e efectivas das parellas do mesmo sexo, e coa intención de eliminar as situacións de auténtico desamparo. Todo elo sen prexuício doutras finalidades que poidan considerarse lexítimas e sen que en ningún caso isto poida representar alteración ou intromisión nas competencias que poidan corresponder a outros organismos, como é o recoñecemento doutras formas de proba de existencia da parella como actas notariais de convivencia.

CAPÍTULO I.- RÉXIME XURÍDICO, OBXETO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

ARTIGO 1.- OBXETO.

Constitúese no Concello de O Valadouro o rexistro municipal de unións de feito que terá carácter administrativo e se rexerá polo disposto no presente regulamento, incluídos os seus anexos e demais disposicións que se poidan ditar para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN E CONCEPTO DE PARELLA DE FEITO OU UNIÓN NON MATRIMONIAL.

Terán acceso a este Rexistro as unións non matrimoniais de convivencia estable entre parellas, con independencia da súa orientación sexual e incluíndo, por elo, as do mesmo sexo, cuxos membros teñan a súa residencia habitual e figuren empedrados no Concello de O Valadouro.

ARTIGO 3.- DECLARACIÓNS E ACTOS INSCRIBIBLES.

Serán obxecto de inscrición:

- a) As declaracións de constitución, modificación e extinción das parellas de feito realizadas segundo os modelos que se incorporan como anexos ó presente Regulamento.
- b) Os contratos civís reguladores das relacións persoais e patrimoniais entre os seus membros.

ARTIGO 4.- VOLUNTARIADE.

A inscrición no presente Rexistro ten en todo caso carácter voluntario, non podendo aplicarse inscrición algunha pola Administración de oficio, salvo no caso de constancia de extinción da mesma por falecemento dalgún dos membros da parella.

ARTIGO 5.- EFECTOS DA INSCRICIÓN.

As parellas de feito e familias derivadas que se atopen inscritas neste Rexistro Municipal, terán o pleno recoñecemento de dita situación para ser usuarias e beneficiarias dos servizos, en igualdade de trato coas derivadas das unións matrimoniais, sempre que en cada caso concreto non esté xustificado un trato diferenciado.

A protección e recoñecemento que se faga ós inscritos, nunca poderá supera-la prevista para a familia legalmente recoñecida.

As inscricións no Rexistro declaran os actos rexistrados, pero non prexuzgan a validez nen os efectos xurídicos que lle sexan propios conforme á lei aplicable ós mesmos, nen convalidan os actos e contratos nulos con arreglo ás leis.

ARTIGO 6.- PUBLICIDADE.

As inscricións garanten a intimidade e privacidade das persoas e os seus familiares, quedando limitada a publicidade do Rexistro de Parellas de feito do Concello de O Valadouro exclusivamente á expedición de certificacións dos seus asentos a instancia de calquera dos membros da unión interesada ou dos Xuices ou Tribunais de Xustiza.

As certificacións faran referencia exclusivamente ós datos que consten no Rexistro de Parellas de feito e serán expedidas polo Secretario do Concello co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente.

O tratamento dos datos contidos no Rexistro de Parellas de Feito, quedará afectado polas disposicións establecidas na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO II. ALTAS, MODIFICACIÓNS E BAIXAS NO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO.

ARTIGO 7.- REQUISITOS PARA A INSCRICIÓN.

A solicitude de inscrición deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroados os seus membros e fixar a súa residencia habitual no Concello de O Valadouro.
- b) Ser maiores de idade ou menores emancipados.
- c) Non encontrarse incapacitado legalmente para prestar o consentimento necesario para a constitución da unión de convivencia non matrimonial.
- d) Non ter entre si relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en línea recta ou línea colateral en segundo grado.
- e) Non estar suxeito algun dos seus membros a vínculo matrimonial.
- f) Non constar inscrito noutros Rexistros Municipais de Parella de Feito ou de similares características.

ARTIGO 8.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA.

A inscrición dunha parella de feito, que é voluntaria, requirirá a previa aportación da documentación necesaria para acredita-lo cumprimento das condicións establecidas.

As inscricións realizaranse previa solicitude conxunta dos membros da parella segundo modelo Anexo I que se incorpora o presente regulamento e acompañada da seguinte documentación:

- a) Fotocopia autenticada do Documento Nacional de Identidade ou pasaporte de ambos membros da parella.
- b) Acreditación da emancipación, no seu caso.
- c) Certificación ou fe de Estado de cada un dos membros da parella (certificación do Rexistro Civil que acredite que non existe ningún vínculo matrimonial con ningunha persoa).
- d) Certificación de empadronamento de ambos membros no Concello de O Valadouro.
- e) Declaración responsable de ambos membros de non estar incapacitado para emiti-lo consentimento necesario para levar a cabo o acto ou a declaración obxecto de inscrición segundo Anexo II.
- f) Declaración responsable de ambos membros de non ter entre si relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en linea recta ou linea colateral en segundo grado segundo Anexo III.
- g) Declaración responsable de ambos membros de non formar parella estable con outra persoa simultáneamente e de non estar inscritos nalgún outro rexistro de parellas de feito segundo Anexo IV.
- h) De solicitarse a indicación de convenio suscrito polos interesados regulador das súas relacións persoais e patrimoniais, acompañarase exemplar do mesmo para o seu arquivo no rexistro.
- i) Certificado médico sobre aptitude para prestar o consentimento necesario.

A instancia coa que solicite a inscrición, xunto coa restante documentación, presentarse no Rexistro de entrada da Corporación, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Artigo 9.- BAIXA DA INSCRICIÓN.

Tamén será obxecto de inscrición a terminación ou extinción da unión, a cal poderá practicarse a instancia dun solo dos membros da unión, mediante comparecencia persoal ou por medio de apoderado con poder notarial especial, ou como consecuencia de escritura pública na que conste a vontade dun dos membros da unión de dar esta por concluída.

Asimesmo poderá efectuarse de oficio a baixa e cancelación da inscrición nos casos de notoriedade pública da súa extinción, podendo mencionarse a título enunciativo os casos de morte ou declaración de falecemento de calquera dos membros da unión ou matrimonio de calquera dos membros.

Procederá asimesmo a cancelación da inscrición cando por traslado do domicilio habitual ningún dos membros da unión de feito se encontre empadroadado no Concello de O Valadouro e se produza pois o incumprimento do requisito para a inscrición establecido no artigo 7.a) do presente Regulamento.

Os membros da unión de feito están obrigados a solicitar a cancelación da inscrición no Rexistro Municipal de Parellas de Feito deste Concello cando concurra calquera das circunstancias que dan lugar á extinción da unión.

CAPÍTULO III.- PRODECIMENTO ADMINISTRATIVO.

Artigo 10.- EXPEDIENTE DE INSCRICIÓN.

Presentada a solicitude, tramitarase expediente administrativo, cumprindo os seus trámites, e en especial os seguintes:

- a) Presentada a solicitude e documentación que a acompañe será examinada polo funcionario encargado do Rexistro, o cal indicará ós comparecentes, no seu caso, os defectos observados, para que os subsanen no prazo de 10 días, procedéndose á apertura dun expediente administrativo para cada solicitude de inscrición que se presente,

integrado pola solicitude e o resto da xustificación documental.

- b) O prazo de requerimento poderá ser ampliado ata en cinco días máis, a petición do interesado ou a iniciativa do encargado do Rexistro, cando a aportación dos documentos requeridos presenten dificultades especiais.
- c) Transcorrido o prazo de subsanación de erros ou deficiencias sen que os interesados responderan, daráselles por desistidos da súa solicitude, arquivándose sen máis trámite.
- d) Completada a documentación e no prazo dun mes o encargado do Rexistro deberá requirir ós interesados para a súa ratificación conxunta mediante comparecencia persoal da solicitude presentada segundo Anexo V que se incorpora ó presente Regulamento. En dita comparecencia, que deberá efectuarse ante o Secretario-Interventor da Corporación, deberá acreditarse a previa convivencia de forma libre, pública, notoria e ininterrumpida en relación de afectividade mediante a declaración de dous testigos maiores de idade en pleno exercicio dos seus dereitos civís.
- e) Completado o expediente dictarase a correspondente resolución da Alcaldía dispoñendo a inscrición solicitada no Libro Rexistro, ou no seu caso a denegación motivada, notificándose en todo caso ós interesados. A dita notificación acompañarase un certificado acreditativo do recoñecemento municipal como parella de feito.

CAPÍTULO IV. DO REXISTRO E A SÚA ORGANIZACIÓN.

Artigo 11.- ÓRGANO COMPETENTE.

O Rexistro de Parellas de Feito do Concello de O Valadouro quedará adscrito á Secretaría do Concello.

Artigo 12.- GRATUIDADE.

As inscricións que se practiquen e as certificacións que se expidan serán gratuitas.

Artigo 13.- LIBROS.

No Rexistro de Unións de Feito levaranse os seguintes libros:

- a) Libro xeral, no que se practicarán os asentos regulados polo presente Regulamento.
- b) Libro auxiliar, no que figurarán, ordeados alfabéticamente polos seus apelidos, os inscritos no libro xeral. A inscrición no libro auxiliar fará referencia exclusivamente ás páxinas do libro xeral nas que se teñan practicado asentos que lles afecten.

O libro xeral estará formado por follas móbiles, foliadas e seladas e encabazarase e terminarse coas correspondentes dilixencias de apertura e peche que deberá firmar o Secretario da Corporación. Poderán utilizarse soportes informáticos para a levanza do Rexistro, na forma autorizada pola Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

En ningún caso os libros integrantes do Rexistro poderán saír da Corporación.

Artigo 14. PRÁTICA DAS INSCRICIÓNNS.

A primeira inscrición que, co carácter de básica, se extenda no Rexistro, terá por obxecto facer constar a existencia mesma da unión de feito, e nela deberán figurar os datos persoais e as circunstancias de lugar e tempo manifestadas polos comparecentes, domicilio da

unión, data de comparecencia ante o encargado do Rexistro e a referencia ó expediente administrativo aberto para cada unión de feito.

A solicitude dos interesados e mediante comparecencia persoal dos dous membros da mesma poderá facerse constar, por nota ó marxe da inscrición básica, a modificación de calquera circunstancia consignada na inscrición ou indicacións de data anterior.

ARTIGO 15.- CONVENIOS REGULADORES.

A existencia de convenios reguladores das relacións persoais e patrimoniais entre os membros da unión serán obxecto de indicación á marxe da inscrición básica, realizándose de forma extractada e facendo referencia ó documento que sirva de soporte e ó expediente administrativo da unión, onde se arquivará.

Se se solicita a constancia rexistral con posterioridade ó asento de inscrición, acompañarase o documento no que se conteña a instancia suscrita por ambos interesados, quen es deberán, persoalmente ou por apoderado con poder notarial especial, comparecer ante o encargado do Rexistro a tal efecto, a menos que o convenio conste en escritura pública que conteña a solicitude de inscrición, en cuio caso será remitida copia da mesma, de oficio polo notario, autorizando ó Secretario Xeral. Practicada a inscrición notificarase por escrito ó notario autorizante e ós interesados.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Recoñécese a equiparación das Parellas de Feito inscritas no Rexistro de Parellas do Concello de O Valadouro ou de calquer outra Administración Pública, respecto ós matrimonios, en canto se refire os dereitos de persoal ó servizo das Corporacións para licencias ou

permisos e en xeral ós dereitos de calquer interesado en canto afecten a decisións ou situacións de exclusiva competencia municipal e non sexan contrarias ó ordenamento xurídico.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

Facúltase á Alcaldía-Presidencia para adoptar as resolucións complementarias no desenvolvemento do presente Regulamento, así como o modelo de follas integrantes dos libros de Rexistro.

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente Regulamento entrará en vigor nos termos previstos no artigo 70.2 da Lei 7/85, é decir, unha vez que teña transcorrido o prazo de dez días dende a comunicación do acordo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma a que se refire o artigo 65.2 do mencionado texto legal e se produza a publicación do texto integro no Boletín Oficial da Provincia. Asimesmo permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.